INSTRUCIÓNS DE .... ABRIL DE 2012, PARA A APLICACIÓN DOS COMPLEMENTOS DE INCAPACIDADE TEMPORAL DEBIDA A CONTINXENCIAS PROFESIONAIS E COMÚNS, E NAS SITUACIÓNS DE MATERNIDADE, PATERNIDADE, RISCO DURANTE O EMBARAZO E RISCO DURANTE A LACTACIÓN NATURAL.

Na Comunidade Autónoma de Galicia non existen no ámbito da función Pública autonómica unhas instrucións que establezan os criterios e principios para a aplicación dos complementos de incapacidade temporal debida a continxencias profesionais e comúns, e nas situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, sendo necesario establecer un marco común na aplicación dos mesmos.

Ademais, hai que ter en conta que a Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, contén no seu artigo 2, co título de incapacidade temporal a regulación para proceder ao aboamento do complemento por incapacidade temporal, establecendo unha serie de regras, para o pago do mesmo e cunha variedade de supostos que requiren que se diten normas aclaratorias para a aplicación do mencionado artigo 2.

Polo exposto, e co fin de unificar os criterios de actuación dos distintos órganos da Administración da Comunidade Autónoma competentes para a tramitación das nóminas ao persoal dependente deles, estimase necesario ditar unhas instrucións que establezan os criterios para a aplicación da nova regulación e normas de tramitación, onde se determinan prazos e documentos xustificativos.

De acordo co exposto, esta Dirección Xeral, no uso das facultades conferidas polo Decreto 307/2009, do 28 de maio e a Orde da Consellería de Facenda do 4 de maio de 2009, co informe favorable da

Comisión de Persoal,

DISPÓN

Primeiro. Ámbito de aplicación e definicións.

Estas instrucións establecen a regulación dos complementos de Incapacidade Temporal debida a continxencias profesionais e comúns, e nas situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural.

Serán de aplicación aos empregados públicos pertencentes a corpos, escalas e categorías adscritos á Consellería competente en materia de función pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a todo o persoal das entidades públicas instrumentais dependentes da Administración Xeral ou doutras entidades públicas instrumentais da comunidade Autónoma de Galicia.

Aos efectos destas instrucións, enténdese por retribucións as que percibe o persoal no posto de traballo que desempeña no momento de ser declarado na situación de incapacidade temporal, aboándose con cargo aos mesmos conceptos orzamentarios polos que as viña percibindo.

Aos efectos destas instrucións, a recaída será unha continuación da incapacidade temporal da que procede, aplicándoselle o mesmo réxime que á incapacidade de orixe da que derive.

Segundo. Complemento por incapacidade temporal ata o 100% das retribucións.

1) Aboarase un complemento económico ata o 100% das retribucións nos supostos de incapacidade temporal orixinados por:

a) Hospitalización. Para iso o traballador deberá presentar xustificante

de hospitalización que acredite que a mesma coincide no tempo co período de incapacidade temporal. Se esta última se produce unha vez iniciada a baixa, e ten a súa mesma causa, o xustificante aportarase co parte de confirmación que corresponda no tempo co inicio da devandita hospitalización. Neste caso regularizarase o aboamento do complemento, para que a persoa empregada perciba o 100% das retribucións desde o primeiro día da baixa.

Terán a consideración de hospitalización, aos efectos do aboamento do 100% das retribucións, a hospitalización a domicilio, e a estancia nos hospitais de día incluíndo os períodos de observación nos Servizos de Urxencias Hospitalarias superiores a 7 horas. Este extremo deberá ser acreditado polo profesional mediante o xustificante que corresponda.

b) Intervención cirúrxica. Para iso o traballador deberá presentar xustificante médico da devandita intervención cirúrxica e acreditar que a baixa ten a mesma causa que a intervención sen que sexa necesario especificar a concreta actuación médica practicada. Se a intervención médica cirúrxica se produce unha vez iniciada a baixa, o xustificante aportarase co parte de confirmación que corresponda no tempo co inicio de dita intervención. Neste caso regularizarase o aboamento do complemento, para que a persoa empregada perciba o 100% das retribucións desde o primeiro día da baixa.

Terán a consideración de intervencións cirúrxicas, aos efectos do aboamento do 100% das retribucións e sempre que se atopen incluídas na carteira de servizos do sistema sanitario público, as intervencións cirúrxicas con internamento, as intervencións de cirurxía maior ambulatoria e de cirurxía menor ambulatoria, as intervencións médicas invasivas como colonoscopias, gastroscopias e outras de características similares, así como os tratamentos oncolóxicos.

c) Incapacidade temporal derivada do embarazo. Para iso deberá presentarse, xunto co parte de baixa, un informe médico que acredite que a enfermidade é consecuencia directa do embarazo ou que se deriva do mesmo, sen prexuízo do previsto no apartado 3 b) da presente instrución.

2) A falta de presentación do xustificante que corresponda (de hospitalización, intervención cirúrxica ou incapacidade temporal derivado do embarazo) implicará que a incapacidade temporal se tramitará conforme ao disposto no apartado terceiro.

3) Ademais aboarase un complemento económico ata o 100% das retribucións nos supostos seguintes:

a) Nos permisos por parto, adopción, acollemento e paternidade. Nestes supostos, durante todo o período que comprenda o permiso aboaranse á persoa empregada os complementos necesarios para percibir o 100% das retribucións.

b) Supostos de risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural. Nestes supostos durante todo o período de suspensión do traballo por calquera de ambos riscos aboaranse á persoa empregada os complementos necesarios para percibir o 100% das retribucións.

Terceiro.- Complemento por incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral.

Nos supostos de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral nos que non haxa hospitalización, intervención cirúrxica ou Incapacidade temporal derivada de embarazo, o complemento calcularase segundo as seguintes regras:

a) Desde o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día inclusive, aboarase un complemento ata acadar o 50% das retribucións cando sexa a primeira baixa no ano natural, e un complemento ata acadar o 40% na segunda baixa no mesmo ano natural. Para baixas posteriores do citado ano non se aboará o devandito complemento.
b) Desde o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o día vixésimo día, incusive aboarase un complemento ata acadar o 75% das retribucións.
c) A partir do día vinte e un aboarase un complemento ata acadar o 100% das retribucións.

A recaída será unha continuación da incapacidade temporal da que procede, tanto a efectos do cómputo de baixas sinalado no apartado a) como do número de días de duración da mesma a efectos de aplicar as porcentaxes de retribucións.

Non obstante, as situacións de incapacidade temporal iniciadas con anterioridade ao 3 de marzo de 2012 non se terán en conta no cómputo das baixas do ano 2012 establecido no apartado a).

No cómputo de baixas sinalado no apartado a) non se computarán:

- As baixas que estén incluídas no apartado segundo destas instrucións.
- As baixas que estén incluídas no apartado cuarto destas instrucións.

Cuarto. Incapacidade temporal por continxencias profesionais.

O persoal incluído no ámbito de aplicación destas instrucións, no suposto de incapacidade temporal por continxencias profesionais que lle impida o normal desenvolvemento das súas funcións, terá dereito á licenza por enfermidade ou accidente ata a alta médica correspondente, sempre que

este extremo veña avalado por parte de baixa nos servizos de asistencia sanitaria; aboárase un complemento ata acadar o 100% das retribucións dende a data de inicio da situación de incapacidade temporal ata a data de finalización.

Quinto.-Presentación dos partes de baixa, confirmación e alta.

Sen prexuízo da obriga de comunicar inmediatamente a ausencia, a persoa empregada deberá entregar o primer exemplar de parte médico de baixa destinado á empresa no prazo de tres días contados a partir do día da expedición. Dito exemplar deberá ser dirixido ao órgano correspondente que se determine en cada centro de traballo/unidade.

~~O persoal incluído no ámbito de aplicación destas instrucións deberá presentar parte de baixa cando a situación de incapacidade temporal dea lugar á ausencia continuada durante máis de dous días laborables. En consecuencia, para outorgar a licenza de incapacidade temporal non será válido xustificante ou informe médico algún que se refira á ausencia ao traballo durante tres ou máis días de traballo.~~

A persoa empregada deberá entregar os exemplares dos partes médicos de confirmación da baixa destinados á Administración, en idéntico prazo de tres días desde o día da expedición de cada un deles.

Sen prexuízo da comunicación inmediata da súa reincorporación, a persoa empregada deberá entregar o exemplar do parte de alta destinado á empresa dentro das vinte e catro horas seguintes á súa expedición.

Sexto.- Ausencias por enfermidade sen baixa médica.

Sen prexuízo da obriga de comunicar inmediatamente a ausencia, nos casos de horarios especiais, traballo a quendas, e outras circunstancias valorables polo órgano competente en materia de persoal, esixirase

xustificación médica dende o momento no que se produza a ausencia.

No caso de que estas ausencias non sexan xustificadas, procederase a efectuar o correspondente desconto de retribucións, previa comunicación ao empregado público.

Sétimo.- Carácter informador dos criterios e principios destas instrucións.

As instrucións que para a regulación do disposto nestas instrucións diten os órganos que teñan atribuídas competencias en materia de persoal deberán respectar en todo caso os criterios das presentes instrucións.

Oitavo. Aplicación as entidades do sector público autonómico non incluídos no disposto no apartado primeiro.

As entidades do sector público autonómico non incluídas no ámbito de aplicación disposto no apartado primeiro aplicarán o disposto nestas instrucións, mentres non diten as súas propias, que deberán respectar en todo caso os criterios xerais das presentes instrucións.

Noveno. Entrada en vigor respecto as ausencias por enfermidade de duración inferior a catro días.

Non será de aplicación o disposto nestas instrucións as ausencias por enfermidade de duración inferior a catro días producidas con anterioridade á entrada en vigor destas instrucións.